



ANUNCIO

Faise público que con data 17.09.2024 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 1203/2024 cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“ Asunto: NOMEAMENTO DE YOLANDA CINZA RIVERA COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE ANIMADORA SOCIOCULTURAL E APROBACIÓN DE LISTA COMPLEMENTARIA E BOLSA DE EMPREGO

Expediente: 2022/E001/000020; 2022/E001/000027; 2023/G003/000472; 2024/G003/000011; 2024/G003/001224

O 16.09.2024 publicouse o anuncio do tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura mediante persoal laboral fixo dunha praza de animador/a sociocultural incluída na OEP do 2021 do Concello de Fene, praza incluída no proceso extraordinario de estabilización previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público, nomeado por Resolución da alcaldía 123/2024 do 6 de febreiro na súa sesión do 05.07.2024 no que se daba conta da adopción dos seguintes acordos:

“CUARTO.- Aprobar a seguinte relación provisional de persoas que superaron o proceso selectivo para o seu nomeamento polo alcaldía como persoal laboral fixo, lista que quedará elevada a definitiva no caso de que non se presenten alegacións/reclamacións ás puntuacións feitas polo tribunal, do que se dará efectiva conta mediante anuncio publicado polo secretario do tribunal:

Apelidos e nome	Puntuación
Cinza Rivera, Yolanda	100

QUINTO.- Aprobar a seguinte lista provisional para conformar a lista complementaria e a bolsa de emprego previstas na cláusula 12.1.3 das bases xerais e no apartado 3 das bases específicas do proceso, lista que quedará elevada a definitiva no caso de que non se presenten alegacións/reclamacións ás puntuacións feitas polo tribunal, do que se dará efectiva conta mediante anuncio publicado polo secretario do tribunal:

Apelidos e nome	Puntuación
Carreira García, María Luisa	54,30
Fernández Prieto, Natalia María	41,65
Cornado Rodríguez, Lucía	41,05
Rodríguez Sánchez, Soraya	40,90
Viñas Mayo, Rubén	40,75
Fernández Feliz, Elisa	0

Unha vez que transcorreron os 5 días hábiles concedidos para presentar reclamacións ou alegacións sen que estas se presentaran, faise público que as listas provisionais das persoas que superaron o proceso selectivo para o seu nomeamento pola alcaldía como persoal laboral fixo e para conformar a lista complementaria e bolsa de emprego previstas na cláusula 12.4.3 das bases xerais e no apartado 3 da cláusula segunda das bases específicas do proceso **quedaron elevadas a definitivas**.

No prazo de 20 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación deste acordo a persoa aspirante que teña superado o proceso selectivo e sido proposta para a súa selección e nomeamento/contratación, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello (presencialmente ou a través da Sede e Rexistro Electrónicos), ou mediante calquera das restantes formas establecidas no art. 16.4 LPACAP a documentación prevista na cláusula 12.1.4 das bases xerais reguladoras do proceso.”



A antedita documentación foi presentada por Yolanda Cinza Rivera (RX 202499900002603) o día 17.09.2024.

Á vista do que antecede e de conformidade coas bases reguladoras do proceso selectivo, **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Nomear a Yolanda Cinza Rivera persoal laboral fixo do Concello de Fene, categoría animadora sociocultural, adxudicándolle de forma definitiva o posto 07.02.00.03 da RPT vixente.

A incorporación como persoal laboral fixo e adscrición ao posto será eficaz coa formalización do contrato laboral, que deberá producirse no prazo máximo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación desta Resolución no BOP.

De non cumprir co prazo e forma indicados, sen existir causa xustificada (casos de forza maior, debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía), entenderase que existe renuncia dos dereitos inherentes, quedando este nomeamento sen efecto.

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte lista complementaria e bolsa de emprego prevista na cláusula 12.1.3 das bases xerais:

Apelidos e nome	Puntuación
Carreira García, María Luisa	54,30
Fernández Prieto, Natalia María	41,65
Cornado Rodríguez, Lucía	41,05
Rodríguez Sánchez, Soraya	40,90
Viñas Mayo, Rubén	40,75
Fernández Feliz, Elisa	0

TERCEIRO.- Publicar esta Resolución de nomeamento no BOP, DOG, taboleiro de anuncios e web municipal.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sr. alcaldesa en funcións Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 18.09.2024 pola alcaldesa en funcións Alejandra Permuy Meizoso.

C:
O:
36:
150:
P:
E:
C.I.